

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15836** *Real decreto lei 20/2017, do 29 de decembro, polo que se prorrogan e se aproban diversas medidas tributarias e outras medidas urxentes en materia social.*

I

En cumprimento do previsto no artigo 32.2 da Lei do catastro inmobiliario, que prevé a súa actualización mediante a Lei de orzamentos xerais do Estado, o artigo 1 inclúe a aprobación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais para 2018. Dado que a medida ten unha repercusión inmediata no imposto sobre bens inmoables e que o dito imposto se devindica o 1 de xaneiro de cada ano natural, resulta obrigada a utilización do mecanismo do real decreto lei para que entre en vigor antes da dita data. A medida resulta necesaria dado que contribúe a reforzar o financiamento municipal, a consolidación fiscal e a estabilidade orzamentaria das entidades locais, e para tal efecto foi solicitada por 1.830 municipios que cumpren os requisitos de aplicación da lei, que non poderían aprobar a tempo novas ordenanzas fiscais para adaptaren os tipos de gravames no imposto sobre bens inmoables, polo que non verían cumpridas as previsións orzamentarias que realizasen contando coa dita actualización.

No ámbito tributario, o artigo 2 prorroga para o período impositivo 2018 os límites cuantitativos que delimitan o ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva para as actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación do método, con excepción das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que teñen o seu propio límite cuantitativo por volume de ingresos.

A semellanza da medida adoptada no imposto sobre a renda das persoas físicas, o artigo 3 prorroga para o período impositivo 2018 os límites para a aplicación do réxime simplificado e o réxime especial da agricultura, gandería e pesca.

Como consecuencia das prórrogas que se introducen nos límites excluínates do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, a disposición transitoria única fixa un novo prazo para presentar as renuncias ou revogacións aos citados métodos e réximes especiais.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei xustifícase neste suposto porque o período transitorio inicialmente concedido, que abrangue os períodos impositivos 2016 e 2017, se manifestou insuficiente e a súa ampliación ao exercicio 2018 debe efectuarse antes do 1 de xaneiro do dito ano, xa que, en caso contrario, os contribuíntes afectados pasarían a tributar desde a dita data de acordo co método de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas e polo réxime xeral do imposto sobre o valor engadido, o que incidiría nas súas obrigas formais, de facturación e nos pagamentos á conta que soportan, cun incremento das cargas administrativas.

Por outra parte, o 26 de decembro de 2017 o Goberno e os interlocutores sociais subscribiron o Acordo social para o incremento do salario mínimo interprofesional 2018-2020. Con base no dito acordo, a disposición adicional única encoméndalle ao Goberno fixar, de acordo co establecido no artigo 27.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, o salario mínimo interprofesional para 2018 cun incremento do catro por cento respecto do establecido polo Real decreto 742/2016, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2017.

Así mesmo, o Goberno determinará a afectación do dito incremento e dos que se aproben en 2018 e en 2019 ás referencias ao salario mínimo interprofesional contidas nos

convenios colectivos vixentes en 26 de decembro de 2017, así como en normas non estatais e contratos e pactos de natureza privada vixentes na data de entrada en vigor do real decreto que fixa anualmente o salario mínimo interprofesional.

O Goberno considera conveniente incrementar o salario mínimo interprofesional tendo en conta a mellora das condicións xerais da economía, á vez que se continúa favorecendo, de forma equilibrada, a súa competitividade, compasando así a evolución dos salarios no proceso de recuperación do emprego.

A extraordinaria e urxente necesidade que o artigo 86 da Constitución exige para aprobar as medidas relativas ao salario mínimo interprofesional xustifícase no breve espazo de tempo que resta para que finalice o ano 2017; o salario mínimo interprofesional ten que aprobarse anualmente por indicación do artigo 27.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

## II

Por todo isto, concorren nas medidas que se adoptan, pola súa natureza, finalidade e polo contexto en que se ditan, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Coefficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

1. Os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o número 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, quedan fixados para 2018 de acordo co seguinte cadro:

Ano de entrada en vigor do cadro de valores	Coefficiente de actualización
1984, 1985, 1986, 1987, 1988, 1989 e 1990	1,08
1994	1,07
1995	1,06
1996	1,05
1997, 1998, 1999 e 2000	1,04
2001, 2002 e 2003	1,03
2005, 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010	0,96
2011	0,95
2012	0,91

Os coeficientes previstos no punto anterior aplicaranse aos municipios incluídos na Orde HFP 885/2017, do 19 de setembro, nos seguintes termos:

- Cando se trate de bens inmobles valorados conforme os datos que constan no Catastro inmobiliario, aplicarase sobre o valor asignado aos ditos bens para 2017.
- Cando se trate de valores catastrais notificados no exercicio 2017, obtidos da aplicación de cadros de valores parciais aprobados no mencionado exercicio, aplicarase sobre os ditos valores.
- Cando se trate de bens inmobles que sufrisen alteracións das súas características conforme os datos que constan no Catastro inmobiliario, sen que as ditas variacións

tivesen efectividade, o coeficiente aplicarase sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que servisen de base para a fixación dos valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio.

**Artigo 2. *Límites para a aplicación do método de estimación obxectiva no exercicio 2018.***

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a disposición transitoria trixésimo segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo segunda. *Límites para a aplicación do método de estimación obxectiva nos exercicios 2016, 2017 e 2018.*

Para os exercicios 2016, 2017 e 2018, as magnitudes de 150.000 e 75.000 euros, a que se refire a alínea a') da letra b) da norma 3.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 31 desta lei, quedan fixadas en 250.000 e 125.000 euros, respectivamente.

Así mesmo, para os ditos exercicios, a magnitude de 150.000 euros, a que se refire a letra c) da norma 3.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 31 desta lei, queda fixada en 250.000 euros.»

**Artigo 3. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca no exercicio 2018.***

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a disposición transitoria décimo terceira da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca nos exercicios 2016, 2017 e 2018.*

Para os exercicios 2016, 2017 e 2018, a magnitude de 150.000 euros, a que se refiren o primeiro guión do ordinal 2.<sup>o</sup> e o ordinal 3.<sup>o</sup> do número dous do artigo 122 e o ordinal 6.<sup>o</sup> do número dous do artigo 124 desta lei, queda fixada en 250.000 euros.»

**Disposición adicional única. *Fixación do salario mínimo interprofesional para 2018 e regras de afectación das novas contías do salario mínimo interprofesional en 2018, 2019 e 2020.***

1. O Goberno fixará, de acordo co establecido no artigo 27.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, o salario mínimo interprofesional para 2018 cun incremento do catro por cento respecto do establecido polo Real decreto 742/2016, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2017.

2. Así mesmo, o Goberno determinará as regras de afectación deste incremento e dos que se aproben en 2018 e en 2019 ás referencias ao salario mínimo interprofesional contidas nos convenios colectivos vixentes en 26 de decembro de 2017, así como en normas non estatais e en contratos e pactos de natureza privada vixentes en 1 de xaneiro de 2018.

3. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en convenio colectivo e en contratos ou pactos de natureza privada inferiores, no seu conxunto e en cómputo anual, ás contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento na contía necesaria para asegurar a percepción

das ditas contías; serán de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos mediante os cales anualmente se fixa o salario mínimo.

Disposición transitoria única. *Prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, para o ano 2018.*

1. O prazo de renuncias a que se refiren o artigo 33.1.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o artigo 33.2, parágrafo segundo, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como a súa revogación, que deben producir efectos para o ano 2018, será dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» do presente real decreto lei.

2. As renuncias e revogacións presentadas, para o ano 2018, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2017, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 anterior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral e de facenda xeral, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY